



COSTA DE SADA

De Cirro a Punta Corveiroa

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 11km (lineal)
Dificultade: media



Lourido

O litoral do concello de Sada forma parte da marxe esquerda da ría de Betanzos e alterna cantís de media altura, pouco accesibles, con areas. As principais actividades do concello son os servizos (especialmente o turismo relacionado coas praias), a pesca e a industria. Acolle importantes mostras de patrimonio histórico artístico: castros, igrexas, pazos, edificios modernistas...
Un roteiro, indicado como “Costa Doce” percorre todo o litoral do concello.

Un roteiro para descubrir a parte menos amable da Costa Doce, o litoral do concello de Sada no que as rochas son o elemento dominante e forman unha parede continua, de cantís que nalgúns puntos superan os 50 m de altura, con incontables entrantes e saíntes e case ningún punto de acceso doado ao mar; un tramo de costa no que para acceder ás praias, das que as máis quedan mergulladas coa marea alta, hai que baixar escaleiras de máis de 70 chanzos, pero tamén é un litoral que conserva a imaxe do natural, no que aínda que a parte utilizable do terreo está ocupado por piñeiros e eucaliptos a vertical, inaccesible, está cuberta de loureiros e rebolos que medran e resisten, apegándose ás pedras e adaptando a súa forma á do cantil, no ambiente extremo que lles crea a exposición ao sol e a falta de auga.



Praias de Cirro (Area Grande e Areal do Mar da Grande)



Praia de San Pedro e Punta do Castelo

PERCORRIDO

PERCORRIDO

Comezamos a camiñada na **praia do Cirro** e, desde ela imos á **praia de San Pedro**; no remate da praia hai un carreiro que sube ao cantil e desde alí seguimos á esquerda por outro carreiro, ben visible porque é transitado a miúdo, que se interna no bosque para ir seguindo case sempre, con innumerables subidas e baixadas, o máis preto posible a liña da costa. Por el ímonos achegando ás **puntas Gaivoteira, Pereirós** e de **San Mamede** e o seu miradoiro; logo temos que subir polo camiño ata chegar a unha curva á esquerda na que hai un poste indicador da dirección e da distancia ao castro da Punta de San Mamede e uns metros despois atopamos á esquerda do camiño outro carreiro polo que seguimos para achegarnos, collendo sempre os desvíos da esquerda, á **praia** e á **enseada de Lourido**, á **punta** e á **praia de Armenteiro**, á **praia de Lobos**, á **praia** e á **punta da Arnela**, á **Pedra da Herba** e á estrada, en Fontán. Seguindo as indicacións de Castelo de Fontán baixamos á **punta de Fontán** para ver o **castelo**, a **praia de Morazón** e o porto. Baixamos ao porto e completamos o roteiro polo paseo do litoral ata percorrer a **praia de Sada** e chegar ao pé da **punta Corveiroa**.

O percorrido é máis longo do que aparenta porque os entrantes e saíntes da liña de costa aumentan a distancia e as continuas subidas e baixadas fan que tardemos máis do que nun comezo agardabamos.



Furna da Xarda



Punta Pereirós



Praia de San Pedro e Pena da Herba



Enseada do Cirro e Pena da Herba



O Gaivoteiro. Punta Gaivoteiro.






Unha das pequenas entradas con coídos, na punta de San Mamede,



Punta Pereirós



A punta de San Mamede, na que se localizan os restos dun castro da idade de ferro, é un interesante punto panorámico sobre a ría de Ares, nunha contorna de abruptos e elevados cantís con furnas, ensedas, illotes coroados de vexetación e pequenos coídos.



Enseada de San Mamede



Punta de Lourido



Enseada Garroteira

Punta de Armenteiro



Praia de Lobos



Praia e punta Arnela



Pena da Herba



Praia de Morazón



Pena da Herba



Punta de Fontán e castelo



SADA/FONTÁN. Porto.



A Terraza, un edificio modernista situado á beira das praia de Sada. Declarado Monumento Histórico Artístico en 1975 e en trámite para ser declarado como BIC.

Ergueuse orixinalmente na Coruña no 1912 nos Xardíns de Méndez Núñez segundo proxecto do arquitecto Antonio López Hernández. No 1920 trasladouse a Sada.



Praias de Sada (A Nova e As Delicias, separadas polo rego de Fontoira)



Punta Corveiroa



Sada, un porto de orixe fenicia e poboado desde a antigüidade, como dan testemuña os numerosos achádegos arqueolóxicos da zona. Na actualidade é unha vila pesqueira e turística. A praia de Sada, de 400 m de lonxitude, está situada en pleno casco urbán e é unha das máis concurridas da zona.